

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de xaneiro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(64).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(65).-PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO ENTORNO DE CHURRUCA: RÚAS IGLESIAS ESPONDA, MARTÍN CODAX, IRMANDIÑOS E CALEXÓN ROGELIO ABALDE”. EXPTE. 2324/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.01.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 27 de xaneiro de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado da mesma data, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de saneamento e abastecemento no entorno de Churruca: Rúas Iglesias Esponda, Martín Codax, Irmandiños e Calexón Rogelio Abalde”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(66).-PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RONDA DE DON BOSCO, ENTRE AS RÚAS EDUARDO IGLESIAS E VELÁZQUEZ MORENO”. EXPTE. 2325/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.01.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 27 de xaneiro de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado da mesma data, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Ronda de Don Bosco, entre as Rúas Eduardo Iglesias e Velázquez Moreno”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(67).-PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NO CASCO URBANO DE VIGO, FASE 2”. EXPTE. 2326/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.01.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 27 de xaneiro de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado da mesma data, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de saneamento e abastecemento no Casco Urbano de Vigo, Fase 2”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(68).-PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO NA RÚA CANTABRIA, ENTRE AVDA. AEROPORTO E RAMÓN NIETO”. EXPTE. 2327/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.01.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 27 de xaneiro de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado da mesma data, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “Renovación das redes de abastecemento na Rúa Cantabria, entre Avda. Aeroporto e Ramón Nieto”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(69).-PROPOSTA PARA ENCARGAR A AQUALIA-FCC A REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA CASAL DE ABAIXO EN SAMPAIO”. EXPTE. 2328/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 28.01.14, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de

levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

En data 08 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local aproba o procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria Aqualia.

Dentro deste procedemento, recollese no apartado III.a) -ACTOS ADMINISTRATIVOS A TRAVÉS DOS QUE SE EXERCERÁ O CONTROL DAS OBRAS DE INVERSIÓN DA ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA, a necesidade de xustificación da conveniencia e idoneidade dos investimentos a levar a cabo.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños de data 27 de xaneiro de 2014 e a Orde de Servizo do concelleiro delegado da mesma data, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, Aqualia-FCC a redacción do proxecto para a “ Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Casal de Abaixo en Sampaio ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

7(70).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN DO ANTIGUO CHALET MIRAMBEL COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DA VILLA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 7186/307.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 29.01.14, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, que di o seguinte:

Con data 11 de febreiro de 2013, a Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, autoriza o inicio do expediente de contratación para a licitación do proxecto de rehabilitación do antigo chalet Mirambel como centro de recepción de visitantes da villa romana de Toralla, por un importe de (884.431,87 €).

O obxecto deste proxecto consiste nas obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel, co obxectivo de convertilo en Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla, ademais da execución de traballos de urbanización en varios ámbitos da parcela, así como a dotación de elementos expositivos e de interpretación (maquetas, reconstrucións, dioramas).

Deste xeito, as características destas obras quedan recollidas nos seguintes proxectos:

- PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DESTINADO A CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DA VILLA ROMANA DE TORALLA, redactado pola arquitecta M. del Consuelo González García (aprobado en Xunta de Goberno Local en data 04/01/2013).

- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO ENTORNO DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN HISTÓRICO-ARQUEOLÓXICA DA ROMANIZACIÓN DA RÍA DE VIGO. VILLA ROMANA DE TORALLA, redactado polos arquitectos municipais, Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso (aprobado en Xunta de Goberno Local en data 08/02/2013).

- PROXECTO MUSEOGRÁFICO DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA VILLA ROMANA DE TORALLA, redactado pola arqueóloga Matilde González Méndez (aprobado en Xunta de Goberno Local en data 31/05/2013).

En sesión extraordinaria e urxente de 20 de setembro de 2013, a Xunta de Goberno Local, aprobou a adxudicación definitiva das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel, co obxectivo de converti-lo en Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla (exp. 6837-307) por un prezo total de 661.200,87 euros € (IVE incluído), á empresa Civis Global, S.L.

Con data 11 de outubro de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte:

“1.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais, para desenvolver a dirección facultativa das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel como Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla.

2.- Nomear a Raquel López González, arquitecta técnica, para desenvolver a dirección de execución das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel como Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla.”

Con data 28 de xaneiro de 2014, os directores facultativos da obra presentan un informe no que analizan unha serie de circunstancias non contempladas no proxecto adxudicado e que motivan a necesidade de redactar o proxecto modificado nº 1 con incremento económico, no que se recollan as modificacións do proxecto derivadas dos axustes de estrutura, distribución, usos, instalacións e acabados nas diferentes plantas, así como do peche exterior da parcela (acompañase dito informe ao expediente).

Polo exposto, solicítase desa Xunta Local de Goberno o seguinte:

Autorizar a redacción do PROXECTO MODIFICADO Nº 1 CON INCREMENTO ECONÓMICO DO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DESTINADO A CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DA VILLA ROMANA DE TORALLA.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(71).-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DERRIBA DO ANTIGUO RESTAURANTE “AS DORNAS” (SAMIL). EXPTE. 7183/307.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 29.01.14, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 27 de decembro de 2013, aprobou a adxudicación do procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de derruba do antigo restaurante “As Dornas” (Samil) (expediente 7004-307) á mercantil OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., por un prezo total de 56.220 euros, I.V.E. Incluído.

Sendo preciso o nomeamento da dirección facultativa destas obras, propónse nomear aos arquitectos municipais: Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

Asimesmo, o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, determina que cada contratista debe elaborar un plan de seguridade e saúde, e que nas obras das Administracións Públicas éste debe elevarse para a súa aprobación á Administración que adxudicou a obra.

Así, a adxudicataria, OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., presenta o plan de seguridade e saúde axeitado á execución, e propónse aos arquitectos municipais: Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, como coordinadores de seguridade e saúde

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais, como directores facultativos das obras de derruba do antigo restaurante “As Dornas” (Samil).

2.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais, como coordinadores de seguridade e saúde das obras de derruba do antigo restaurante “As Dornas” (Samil).

3.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de derruba do antigo restaurante “As Dornas” (Samil), redactado pola empresa OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., e informado favorablemente por Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.